

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Pola presente dáse publicidade do literal do Decreto núm. 485/2026 de 27-07-2026 no que se convoca a sesión ordinaria do Pleno do Concello.

<<Descrición decreto: **EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE DÍA 30 DE XULLO DE 2026**

EXPEDIENTE Nº 2026/G010/000011

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e o artigo 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes conclusos redactada pola secretaria xeral da Corporación o día 27.07.2026, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, e o artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Convocar a todas as persoas membro do Pleno da Corporación á **Sesión ordinaria** que terá lugar no Salón de Sesións da Casa Consistorial, o próximo **xoves día 30.07.2026 ás 12:00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no artigo 90 Real Decreto 2568/1986, entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

- 1 LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES: SESIÓN ORDINARIA DE 25.06.2026 E SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE DE 14.07.2026.**
- 2 CONTA XERAL 2025.**
- 3 COMUNICACIÓN DE MODIFICACIÓNS DE TOPÓNIMOS NO NOMENCLÁTOR DE TOPONIMIA DE GALICIA.**



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- 4 DETERMINACIÓNS DAS FESTAS LOCAIS NO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O ANO 2027
- 5 DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL SOBRE REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NO EXERCICIO 2025 E ANOMALÍAS DETECTADAS EN MATERIA DE INGRESOS, ASÍ COMO ACORDOS ADOPTADOS CON OMISIÓN DO TRÁMITE DE FISCALIZACIÓN PREVIA PARA INCLUIR EN PUNTO SEPARADO DA ORDE DO DÍA CON OCASIÓN DA APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2025.
- 6 DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN 255/2026 DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE 2026.
- 7 DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN 256/2026 DE AUDITORÍA CONTABLE DE FACTURAS 2025 E HISTÓRICO DE ANUALIDADES 2020-2024.
- 8 MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL DO PSOE PARA MELLORA DO TRANSPORTE FERROVIARIO E DO TRANSPORTE PÚBLICO EN AUTOBÚS NA COMARCA.
- 9 MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA Á MELLORA INTEGRAL DA ESTRADA DP-5005
- 10 ASUNTOS DE URXENCIA.
- 11 ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.
- 12 ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.
- 13 ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á secretaria xeral e á interventora municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, Ana Ramos Ramos, como secretaria xeral, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)>>.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola persoa funcionaria tramitadora así como pola Secretaria Xeral do concello de Pontedeume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do decreto 24/2018 do 15 de Febreiro).

